



GASTO ESTRATÉGICO

Obxectivos e programas

II. GASTO ESTRATÉGICO

Neste apartado analízase, por unha parte, a Estratexia Comunitaria dos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (EIE) 2014-2020 en Galicia, e por outra parte, detállanse as Axudas da UE correspondentes aos Fondos que se integran nos presupostos da C.A. de Galicia para 2016.

II.1. A ESTRATEXIA COMUNITARIA DE GALICIA NO PERÍODO 2014-2020

Se expoñen nos seguintes subapartados as principais características da estratexia dos Programas Operativos que son cofinanciados polos Fondos EIE 2014-2020 en Galicia, é dicir, polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo (FSE), o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).

II.1.1. *Introdución aos Programas Operativos 2014-2020 en Galicia*

Para o período 2014-2020 a C.A. de Galicia recibirá unha Axuda comunitaria procedente dos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (EIE) por un importe aproximado de 4.155,5 millóns de euros que, xunto coa achega adicional pública e privada, mobilizará un investimento global de 6.110,4 millóns de euros.

Este investimento articularase a través de Programas Operativos, que serán cofinanciados á súa vez por catro Fondos EIE 2014-2020 (FEDER, FSE, FEADER e FEMP). O Fondo de Cohesión tamén se encadra dentro dos Fondos EIE no novo período, pero España non dispoñerá de asignación algunha por este concepto, xa que o seu dereito transitorio de poder recibilo finalizou co período 2007-2013.

Co fin de mellorar a coordinación e a execución dos Fondos que ofrecen axudas no marco da Política de Cohesión (FEDER, FSE e Fondo de Cohesión), coa política para o Desenvolvemento Rural (FEADER) e coas Políticas Marítima e da Pesca (FEMP), as Institucións Europeas estableceron regulamentariamente disposicións comúns para todos estes Fondos para favorecer a súa contribución ao logro dos **Obxectivos da Estratexia Europa 2020**.

Relación de Obxectivos da Estratexia Europa 2020		
Ámbitos	Denominación Obxectivo	Cuantificación Obxectivo
Emprego	Taxa de emprego (persoas entre 20 e 64 anos)	75,0%
I+D	Gasto bruto en I+D sobre o PIB	3,0%
Cambio climático e sustentabilidade enerxética	Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (en comparación con niveis de 1990)	20,0%
	Aumento de fontes de enerxías renovables	20,0%
	Aumento da eficiencia enerxética	20,0%
Educación	Redución da taxa de abandono escolar	< 10%
	Completar estudos de nivel terciario (persoas de 30 a 34 anos)	40,0%
Pobreza e exclusión social	Redución da poboación en risco de pobreza ou exclusión social (nº de persoas)	20 millóns

Fonte: elaboración propia

Así mesmo e co fin de garantir a coherencia entre programas financiados con cargo a distintos Fondos EIE, establecéronse requisitos mínimos comúns relativos ao contido dos mesmos.

Debido ás peculiaridades de cada un dos Fondos EIE, tamén se estableceron en regulamentos distintos as normas específicas aplicables a cada Fondo EIE e ao Obxectivo de Cooperación Territorial Europea no marco do FEDER.

Os Fondos EIE contribuirán ao fortalecemento da estratexia da Unión para un crecemento intelixente, sustentable e integrador a través das **prioridades dos seguintes 11 Obxectivos Temáticos (OT)**:

1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.
2. Mellorar o uso e a calidade das tecnoloxías da información e da comunicación e o acceso ás mesmas.
3. Mellorar a competitividade das PEME, do sector agrícola (no caso do FEADER) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP).
4. Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores.
5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos.
6. Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos.
7. Promover o transporte sustentable e eliminar os estrangulamentos nas infraestruturas de rede fundamentais.
8. Promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral.
9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación.

- I 0. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente.
- I 1. Mellorar a capacidade institucional das autoridades públicas e as partes interesadas e a eficiencia da administración pública.

Estimación financeira dos Fondos EIE 14-20 que se investirán en Galicia (Millóns euros correntes)						
Rúbricas, Obxectivos/Sectores e Categorías do MFP UE-28			UE	España	Galicia	
Rúbrica 1. Obxectivo Intelixente e integrador	Subrúbrica 1b. Cohesión económica, social e territorial	Obxectivo Investimento en crecemento e emprego	Rexmenos desenvolv	182.172	2.040	0
			Rexen transición	35.381	13.400	0
			Rex máis desenvolv	54.351	11.074	2.734
			Rex ultraperiféricas	1.555	484	0
			Fondo Cohesión	63.400	0	0
			In Emprego Xuv (IEX)	3.211	944	49
			F Eur Ax máis Desf (FEAD)	3.827	565	28
			Accións innov urbanas	372	0	0
			Obxectivo Cooperación Territorial Europea	Transfronteiriza	7.548	366
		Transnacional		2.075	160	25
		Interrexional INTERREG		572	30	2
		Cooperación externa		0	118	0
		Rúbrica 2. Crecemento sustentable: Recursos	Sector Desenvolvemento Rural		99.587	8.297
	Sector Marítimo e Pesqueiro		6.397	1.162	371	
Total			460.447	38.639	4.155	

Nota 1: O Marco Financeiro Plur. (UE-28) 2014-2020 (6 Rúbricas) ascende a 1.082.555 millóns de euros

Nota 2: A España non lle corresponde recibir Axuda do Fondo de Cohesión no período 2014-2020

Nota 3: As accións innovadoras urbanas serán xestionadas pola Comisión de forma directa/indirecta

Nota 4: O Sector de D. rural inclúe 6.560 millóns de euros que aínda non se repartiron entre os EM da UE

Nota 5: A cooperación externa (España) abarca as concas do Atlántico Medio e do Mediterráneo

Fonte: Elaboración propia a partir do AA España-UE 2014-2020, as programacións iniciais dos POs 2014-2020 e os Regulamentos UE asociados

A Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEX), que se financiará con cargo a unha liña específica orzamentaria da UE (3.211 millóns de euros) e con outra cantidade igual procedente dos fondos do FSE para aplicar os Programas de Garantía Xuvenil, intégrase de forma complementaria na programación dos fondos FSE nacionais e rexionais e orientase cara á obtención rápida de resultados concretos.

Reforzando a cohesión social tamén figura o **Fondo Europeo de Axuda aos máis Desfavorecidos (FEAD)**, que contribuirá a reducir a pobreza na Unión. O importe nacional deste Fondo procede da Axuda global dos Fondos Estruturais asignados a España.

A C.A. de Galicia encádrase no grupo de **“rexións máis desenvolvidas”** dentro dos Obxectivos “Investimento en crecemento e emprego” e “Cooperación Territorial Europea”, por posuír un PIB superior ao 90% da media da UE-27 no período 2007-2009.

Así mesmo e á marxe dos Fondos EIE, tanto **España como Galicia poderán recibir tamén Axuda adicional** procedente doutros instrumentos da UE para a realización de proxectos e investimentos relacionados co seu desenvolvemento, por exemplo do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), o programa de Investigación e Innovación “Horizonte 2020”, o programa de Medio Ambiente e Acción polo Clima (LIFE), o programa ERASMUS, o programa para o Emprego e a Innovación Social (PEIS), o Mecanismo “Conectar Europa” relacionado coas grandes infraestruturas de Transporte e Enerxía ou o Banco Europeo de Investimentos (BEI).

Para facilitar o proceso de programación a nivel dos Estados membros e rexións, estableceuse tamén un **Marco Estratéxico Común (MEC)**, que proporciona uns principios reitores estratéxicos co fin de lograr un enfoque de desenvolvemento integrado mediante a utilización dos Fondos EIE coordinados con outros instrumentos e políticas da Unión.

A elaboración dos programas que se executarán en Galicia responden o deseño dunha estratexia global concertada entre todas as administracións e socios e tiveron en conta a análise previa DAFO da economía rexional e os retos expostos. Así mesmo gardan **coherencia** coas directrices comunitarias, co Acordo de Asociación establecido entre España e a UE e cos obxectivos da Estratexia Europa 2020.

Relacionado co Crecemento Intelixente e Integrador e coa Política de Cohesión comunitaria figuran os 14 primeiros programas da táboa de Programas Operativos, que están cofinanciadas maioritariamente polo FEDER e o FSE. Entre eles encádrase tamén o Programa de Emprego Xuvenil e o de Axuda Europea ás persoas máis desfavorecidas, que reforzan os ámbitos de actuación do FSE no OT8 e complementan ao FSE no OT9, respectivamente.

Os recursos vinculados coa Política de Cohesión, case o 70% en Axuda, mostran o alto grao de coherencia da programación comunitaria en Galicia cos instrumentos e políticas da UE para conseguir as metas e obxectivos territoriais específicos. Lembrar que no orzamento comunitario da UE-28 para o período 2014-2020 a Política de Cohesión ten unha especial relevancia, xa que representa un terzo do total en euros.

Así mesmo e vinculado co Crecemento Sustentable (recursos naturais) figuran os Programas de Desenvolvemento Rural (FEADER) e Marítimo e Pesqueiro (FEMP), que están relacionados respectivamente coas Políticas de Desenvolvemento Rural e Marítima e Pesqueira da Unión Europea.

Programas Operativos 2014-2020 que se desenvolverán en Galicia (en euros)			
Programa Operativo / Fondo	Axuda	Custo	% Axuda
Galicia FEDER rexional	883.369.308	1.104.211.637	21,3
Crto. Intelixente FEDER plurirrexional	458.936.344	820.009.682	11,0
Crto. Sustentable FEDER plurirrexional	570.345.171	964.917.209	13,7
PEME FEDER plurirrexional	44.235.080	44.235.080	1,1
Galicia FSE rexional	313.142.972	391.428.715	7,5
Emprego Xuvenil FSE plurirrexional	97.764.350	109.553.580	2,4
Emprego, Formación e Educación FSE plurirrexional	299.100.000	373.875.005	7,2
Inclusión Social e Economía Social FSE plurirrexional	112.400.000	140.500.007	2,7
Asistencia Técnica FSE Plurirrexional	3.300.000	5.304.631	0,1
F. de Axuda Eur. as persoas máis desfavorecidas plurirr. - FEAD	28.200.000	33.176.471	0,7
Cooper. Territ. Transfronteiriza España-Portugal FEDER	57.039.373	76.052.497	1,4
Cooper. Territ. Transnacional Espazo Atlántico FEDER	19.578.119	26.104.158	0,5
Cooper. Territ. Transnacional Espazo Sudoeste FEDER	5.114.974	6.819.966	0,1
Cooper. Territ. Interrexional INTERREG FEDER	2.140.672	2.518.437	0,1
Desenvolvemento Rural Galicia FEADER rexional	889.800.000	1.186.400.000	21,4
Marítimo Pesqueiro FEMP plurirrexional	371.016.842	825.305.242	8,9
Total	4.155.483.205	6.110.412.318	100,0

Fonte: elaboración propia a partir das programacións iniciais dos POs

Durante o período de programación e execución dos POs **deberá avaliarse**, polo menos unha vez, a maneira en que a Axuda dos Fondos EIE contribuíu aos obxectivos de cada prioridade. Todas as avaliacións, que serán levadas a cabo por expertos, internos ou externos, funcionalmente independentes das autoridades responsables da execución dos programas, serán examinadas polo Comité de Seguimento de cada programa, enviadas á Comisión Europea e deberán poñerse a disposición do público.

A continuación analízase a Axuda comunitaria en Galicia para o período 2014-2020, por Fondos e por Obxectivos Temáticos da Estratexia Europa 2020.

II.1.2. Formulación estratéxica do FEDER 2014-2020 en Galicia

A Axuda FEDER asignada pola UE ao Estado español a través do Obxectivo de Investimento en Crecemento e Emprego para potenciar a política rexional comunitaria 2014-2020 ascende a 19.408,9 millóns de euros, que se articulará a través de Programas Operativos rexionais e plurirrexionais.

O investimento FEDER en Galicia ao longo do período, que é o de maior importe financeiro dos Fondos EIE, alcanza 1.956,9 millóns de euros repartidos entre 4 programas, dos que 883,4 millóns de euros corresponden ao PO Galicia e o resto aos POs Plurirrexionais de Crecemento Intelixente (458,9 millóns de euros), Crecemento Sustentable (570,3 millóns de euros) e Iniciativa PEME (44,2 millóns de euros).

A **estratexia global do FEDER en Galicia** permite expresala nun modelo articulado que se desenvolve a través de 10 Eixes de Intervención, excluído o de Asistencia Técnica (AT). **Pretende contribuír** ao financiamento de investimentos orientados a reforzar a cohesión económica, social e territorial a través do desenvolvemento sustentable, mellorar a calidade de vida dos cidadáns galegos e impulsar a converxencia económica coa media de España e da UE.

Obsérvase que as **asignacións financeiras** concéntranse nos OT máis importantes en consonancia coas necesidades da rexión e os Obxectivos da Estratexia Europa 2020. Destaca o OT1, relacionado coa investigación e a innovación, que absorbe case a cuarta parte da Axuda FEDER, que mostra o alto grao de reforzo da estratexia neste Obxectivo Temático e OT4, relacionado coa economía baixo en carbono, contribúe á estratexia global con case o 19%.

A continuación aparece o OT6, relacionado co medio ambiente, que supón o 12,4% da estratexia FEDER.

Os OT2 (TIC) e 3 (PEME) presentan unha participación similar na asignación total do FEDER, 11,3% cada un deles. Séguelle en importancia de investimento financeiro o OT7 (Transporte sustentable), co 7,2% do FEDER, que serve de exemplo para a observancia do carácter complementario da estratexia global en Galicia para evitar actuacións duplicadas e solapamentos entre programas.

As accións integradas de desenvolvemento sustentable do **Eixe 12 Urbano** merecen unha atención especial (6,1% do total do FEDER). Están relacionadas coa consecución dos obxectivos de dimensión física, ambiental, social económico e de competitividade. Estímase que se producirán 2 convocatorias públicas ao longo do período para a selección dunhas 110 estratexias urbanas, que terán carácter transversal e estarán vinculadas directamente cos OT 2, 4, 6 e 9.

E finalmente figuran os OT 9, 10 e 5, relacionados respectivamente coa inclusión social e pobreza, coa educación e co cambio climático, que representan o 2,6%, 2,4% e o 2% da estratexia global do FEDER en Galicia.

Atendendo **ao número de programas e OT** que contribúen ao FEDER global en Galicia, apréciase que o OT3 é o que recibe a maior achega de programas, tres, mentres que os OT 5, 7, 9 e 10 son contribuídos por 1 programa cada un deles. No medio figuran os OT 1, 2, 4 e 6, que reciben a achega de 2 programas cada un deles.

Entre os POs do FEDER na C.A. destaca o rexional de Galicia, que será xestionado na súa totalidade pola Xunta de Galicia e representa o 45,1% do total da Axuda na rexión. Cítanse a continuación unhas breves características deste PO e do resto dos programas do FEDER.

O Custo total do **PO FEDER Galicia** ascende a 1.104,2 millóns de euros, entre recursos públicos e privados, dos que o 80% corresponde á Axuda comunitaria (883,4 millóns de euros), o 16,2% corresponde á cofinanciación da Xunta de Galicia (178,9 millóns de euros), e o 3,8% restante será achegado polo sector privado nos Eixes 1, 3 e 4 (42 millóns de euros).

Distribución en Galicia da Axuda FEDER 2014-2020 por OT/Eixes e Programas Operativos (en euros)						
OT / Eixes	PO Galicia	PO Crto Intelixente	PO Crto Sustentable	PO Iniciativa PEME	Total Axuda FEDER	%
OT1	142.400.000	342.550.292	0	0	484.950.292	24,8
OT2	140.700.000	79.922.077	0	0	220.622.077	11,3
OT3	143.000.000	33.251.421	0	44.235.080	220.486.501	11,3
OT4	152.907.438	0	216.720.517	0	369.627.955	18,9
OT5	39.538.127	0	0	0	39.538.127	2,0
OT6	152.054.435	0	89.858.553	0	241.912.988	12,4
OT7	0	0	141.005.999	0	141.005.999	7,2
OT8	0	0	0	0	0	0,0
OT9	51.438.483	0	0	0	51.438.483	2,6
OT10	47.330.000	0	0	0	47.330.000	2,4
Eixe 12 Urbano	0	0	118.767.686	0	118.767.686	6,1
Eixe Asist Técnica	14.000.825	3.212.554	3.992.416	0	21.205.795	1,1
Total	883.369.308	458.936.344	570.345.171	44.235.080	1.956.885.903	100,0

Destaca a alta concentración temática da Axuda FEDER rexional nos 4 primeiros Eixes do Programa (66,6%), que están relacionados coa investigación e a innovación (Eixe 1, 16,1% da Axuda total), coas tecnoloxías da información e a comunicación (Eixe 2, 15,9%), coa competitividade das PEME (Eixe 3, 16,2%) e cunha economía baixa en carbono (Eixe 4, 17,3%). Os outros 5 Eixes restantes (números 5, 6, 9, 10 e AT) supoñen o 33,4% da Axuda total (304,4 millóns de euros).

Entre as actuacións que se prevén executar no PO rexional do FEDER destacan as vinculadas aos proxectos de innovación aberta para fornecer incentivos á cooperación entre as empresas, ao apoio aos Centros de Investigación Singulares do Sistema Universitario Galego e ao fomento dos Instrumentos Financeiros nas PEME para mobilizar capital privado (OT1). No OT2 sobresaen as accións de mellora da administración e goberno electrónico e os investimentos de calidade e seguridade de infraestruturas críticas. Resaltan no OT3 os investimentos de apoio ao financiamento das PEME e as de apoio ao proceso da internacionalización. No OT4 distínguense as medidas de desenvolvemento de auditorías enerxéticas, as destinadas ao aforro e eficiencia enerxética na administración, as de promoción de sendas peonís e ciclistas, as de impulso da intermodalidade nos centros de transporte e as de aproveitamento da biomasa térmica.

No OT5 destacan e as actuacións vinculadas con redes de observación, prevención de riscos e análise sectorial de adaptación ao cambio climático e os investimentos de prevención e xestión das inundacións na demarcación hidrográfica Galicia-costa. Sobresaen

no OT6 as medidas de saneamento das rías galegas, as destinadas á ampliación da EDAR de Praceres e as protección e conservación do patrimonio natural. No OT9 resaltan as medidas de adquisición e instalación de equipamentos do novo hospital de Vigo. E finalmente, no OT10 distínguense os investimentos de centros de atención á primeira infancia 0-3 anos e casas niño e as infraestruturas educativas nos centros de ensino primario e secundario.

O Obxectivo global do **PO Crecemento Intelixente**, que a nivel nacional está financiado polo FEDER en 3.939,2 millóns de euros, pretende contribuír á mellora e recuperación da competitividade da economía española, a través do impulso dun modelo de crecemento máis intelixente, apoiado na investigación, a innovación e as TIC, con especial atención ás necesidades e o potencial das PEME. O ámbito sectorial do PO abarca aos OT 1, 2 e 3. A Axuda que se investirá en Galicia a través deste Programa ascende a 458,9 millóns de euros.

O **PO Crecemento Sustentable**, que a nivel nacional está financiado polo FEDER en 5.520,8 millóns de euros, pretende promover unha economía que utilice máis eficazmente os recursos, que sexa verde e máis competitiva, e preste apoio ao desenvolvemento urbano integrado e ao transporte máis sustentable. O ámbito sectorial do PO abarca aos OT 4, 6 e 7 e ás áreas urbanas. A Axuda que se investirá en Galicia a través deste Programa ascende a 570,3 millóns de euros.

O instrumento financeiro da **Iniciativa PEME**, que a nivel nacional está constituído na súa totalidade polo FEDER en 800,4 millóns de euros, ten por obxecto proporcionar financiamento ás PEME, incluíndo o capital circulante baixo certas condicións para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais. Tendo en conta o efecto panca esperado, estímase que se poderían canalizar máis de 3.000 millóns de euros para as PEME españolas. A Axuda que se investirá en Galicia a través deste Programa ascende a 44,2 millóns de euros. A participación adicional de Horizonte 2020 impulsará a atención especial a proxectos de innovación nas PEME.

II.1.3. Formulación estratéxica do FSE 2014-2020 en Galicia

A Axuda relacionada co FSE asignada pola UE ao Estado español a través do Obxectivo de Investimento en Crecemento e Emprego para potenciar a política rexional comunitaria 2014-2020 ascende a 9.098,5 millóns de euros. Inclúese neste grupo do FSE a Axuda da Iniciativa de Emprego Xuvenil e a do FEAD, por ter obxectivos coincidentes e complementarios aos deste Fondo.

O deseño da planificación do FSE en Galicia ao longo do período, que constitúe unha das prioridades de Galicia para dinamizar o mercado de traballo, alcanza un importe de 853,9 millóns de euros repartidos entre 6 programas, dos que 313,1 corresponden ao PO Galicia e o resto aos POs Plurirrexionais de Emprego Xuvenil (97,8 millóns de euros),

Emprego, Formación e Educación (299,1 millóns de euros), Inclusión Social e Economía Social (112,4 millóns de euros), Asistencia Técnica (3,3 millóns de euros) e FEAD (28,2 millóns de euros).

A estratexia global do FSE en Galicia responde a un modelo articulado que se desenvolve a través de tres Eixes de Intervención, excluído o de Asistencia Técnica. **Pretende contribuír** ás prioridades da Unión en materia da cohesión económica, social e territorial, principalmente a través da mellora da taxa de emprego, a redución da temporalidade, a integración socio laboral dos colectivos máis desfavorecidos, o aumento da formación, a diminución do fracaso escolar e a mellora do sector investigador.

Distribución en Galicia da Axuda FSE 2014-2020 por OT/Eixes e Programas Operativos (en euros)								
OT / Eixes	PO Galicia	PO Emprego Xuvenil	PO Emprego, Formación e Educación	PO Inclusión Social e Economía Social	PO Asistencia Técnica	PO FEAD	Total Axuda FSE	%
OT1	0	0	0	0	0	0	0	0,0
OT2	0	0	0	0	0	0	0	0,0
OT3	0	0	0	0	0	0	0	0,0
OT4	0	0	0	0	0	0	0	0,0
OT5	0	0	0	0	0	0	0	0,0
OT6	0	0	0	0	0	0	0	0,0
OT7	0	0	0	0	0	0	0	0,0
OT8	97.001.292	94.334.350	200.900.000	5.500.000	0	0	397.735.642	46,6
OT9	83.258.868	0	35.100.000	104.100.000	0	28.200.000	250.658.868	29,4
OT10	124.378.765	0	55.600.000	0	0	0	179.978.765	21,1
Eixe AT	8.504.047	3.430.000	7.500.000	2.800.000	3.300.000	0	25.534.047	3,0
Total	313.142.972	97.764.350	299.100.000	112.400.000	3.300.000	28.200.000	853.907.322	100,0

Fonte: elaboración propia a partir das programacións iniciais dos POs

Atendendo ao número de programas e as **asignacións financeiras** por OT, obsérvase que a Axuda se concentra naqueles OT que son máis relevantes para os obxectivos do FSE, en consonancia coas necesidades da rexión e as prioridades da Estratexia Europa 2020. Destaca o OT8, relacionado co emprego e a mobilidade laboral, que absorbe o 46,6% da Axuda global, que mostra o alto grao de reforzo da estratexia neste OT a través de catro programas. Séguelle en orde de importancia financeira o OT9, vinculado á inclusión social e a loita contra a pobreza, co 29,4% da Axuda, e ao que contribúen os investimentos de catro programas. E finalmente figura o OT10, relacionado coa educación e a formación, que representa o 21,1% do total da Axuda FSE en Galicia, e ao que contribúen os investimentos de dous programas.

Entre os POs do FSE na C.A. destaca o rexional de Galicia, que será xestionado na súa totalidade pola Xunta de Galicia e representa o 36,7% do total da Axuda FSE na rexión. Cítanse a continuación unhas breves características deste PO e do resto dos programas do FSE.

O Custo total do **PO FSE Galicia** ascende a 391,4 millóns de euros, dos que o 80% corresponde á Axuda comunitaria (313,1 millóns de euros) e o 20% restante corresponde á cofinanciación da Xunta de Galicia (78,3 millóns de euros).

Entre as actuacións que se prevén executar no PO rexional do FSE destacan as vinculadas á promoción do emprego autónomo, ao apoio aos programas de formación profesional para o emprego e ao fomento do emprego a través de cooperativas e entidades de economía social (OT8). No OT9 sobresaen os investimentos de formación e acompañamento da estratexia de inclusión social, as de información e orientación ás mulleres no ámbito local respecto da igualdade de xénero, e as de inserción sociolaboral de mozas con medidas de protección ou de responsabilidade penal. No OT10 resaltan os investimentos en programas de mellora da aprendizaxe e rendemento e de diversificación curricular, as dos ciclos formativos de grao medio da Formación Profesional, e as de apoio á etapa de formación pre doutoral.

O PO de Emprego Xuvenil, que a nivel nacional está financiado polo FSE (1.417,1 millóns de euros) e pola IEX (943,5 millóns de euros), pretende reforzar o ámbito sectorial do OT8 apoiando aos mozos, sobre todo aos que non teñen traballo, nin estudan nin teñen unha formación, para que poidan recibir unha oferta de emprego, educación continua, aprendizaxe ou período de prácticas nun prazo determinado. O ámbito sectorial do PO abarca ao OT8. A Axuda que se investirá en Galicia a través deste Programa ascende a 97,8 millóns de euros.

O PO de Emprego, Formación e Educación, que a nivel nacional ten unha Axuda de 2.115 millóns de euros, presenta como obxectivos principais o contribuír á mellora da empregabilidade, desenvolver itinerarios dirixidos a colectivos vulnerables, impulsar medidas de redución do abandono temperán e de mellora da educación, e fomentar a I+D+i nunha firme aposta polo coñecemento e pola súa transferencia ao sector produtivo, a través dos OT 8, 9 e 10. A Axuda que se investirá en Galicia a través deste Programa ascende a 299,1 millóns de euros.

As actuacións do OT8 centrarán a súa atención no colectivo de persoas non incluídas no ámbito de actuación do POEJ, evitando así un solapamento entre ambos os Programas.

O Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social, que a nivel nacional ten unha Axuda de 800 millóns de euros, convértese no Programa FSE en España que realiza o maior investimento en inclusión social e loita contra a pobreza e calquera forma de discriminación do OT9. Así mesmo, representa o primeiro programa operativo FSE que inclúe entre os seus obxectivos principais o apoio á Economía Social, polo que tamén atende ás accións relacionadas co Obxectivo Temático 8, especialmente no relacionado co autoemprego e o emprego por conta propia. A Axuda que se investirá en Galicia a través deste Programa ascende a 112,4 millóns de euros.

O **PO de Asistencia Técnica**, que a nivel nacional dispón dunha Axuda de 20 millóns de euros, poderá financiar, entre outras, actuacións relacionadas coa preparación, xestión, seguimento, avaliación, estudos, información e comunicación, control e auditoría, intercambio de boas prácticas e reforzo da capacidade das autoridades dos programas do FSE. A Axuda que se investirá en Galicia a través deste Programa ascende a 3,3 millóns de euros.

A **intervención do programa FEAD** reformúlase desde a óptica da complementariedade e creación de sinerxías cos programas operativos do FSE. A nivel nacional está financiado por unha Axuda comunitaria de 563,1 millóns de euros. O FEAD ten como obxecto facilitar bens de primeira necesidade (alimentos) a persoas excluídas ou en grave risco de exclusión social con medidas de acompañamento básicas para, unha vez cuberta a necesidade alimentaria, poñerlles en disposición de acceder a outras actividades de fomento da inclusión social que se financian no marco do FSE. Desta forma, mentres o primeiro cobre necesidades vitais e urxentes das persoas desfavorecidas, o segundo complementa e prosegue o proceso de inclusión do OT9, principalmente, e contribúe a promover a inclusión activa no mercado de traballo. A Axuda que se investirá en Galicia a través deste Programa ascende a 28,2 millóns de euros.

II.1.4. Formulación estratéxica do FEADER 2014-2020 en Galicia

A Axuda prevista FEADER asignada pola UE ao Estado español para fomentar o desenvolvemento rural sustentable no período 2014-2020 ascenderá a 8.297,4 millóns de euros.

O deseño da planificación do FEADER en Galicia, que supón un compoñente esencial da Política Agraria Común (PAC) 2014-2020, **pretende** fomentar a competitividade da agricultura, garantir a xestión sustentable dos recursos naturais e a acción polo clima e lograr un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais, incluíndo a creación e conservación do emprego.

A estratexia do Programa de Desenvolvemento Rural na C.A. artículase ao redor dos obxectivos das 6 prioridades de desenvolvemento rural da Unión repartidas entre 9 Obxectivos Temáticos e o Eixe de Asistencia Técnica. Para a **selección de medidas e submedidas de cada prioridade** tamén se tivo en conta o Marco Nacional de Desenvolvemento Rural-España 2014-2020 aprobado polas autoridades da UE, que é un documento que contén os elementos comúns dos programas rexionais de desenvolvemento rural do territorio español, fóra de Ceuta e Melilla.

O Custo total do **PO FEADER Galicia** ascende a 1.186,4 millóns de euros, dos que o 75% corresponde á Axuda comunitaria (888,9 millóns de euros), o 18,3% corresponde á cofinanciación da Xunta de Galicia (217,6 millóns de euros), e o 6,7% restante será achegado pola Administración Xeral do Estado (79 millóns de euros).

Destaca a concentración de recursos no OT3 (38,7% do investimento total) e no OT6 (28,7%), que están relacionados respectivamente coa competitividade das PEME e coa protección do medio ambiente e a eficiencia dos recursos. Séguenlle en orde de importancia financeira o OT9 (9,9%), o OT4 (7,3%) e o OT8 (7,1%), que desenvolverán accións vinculadas coa inclusión social e a loita contra a pobreza, co impulso dunha economía baixa en carbono e co emprego e o mercado laboral, respectivamente. O Eixe de Asistencia Técnica e os outros OT restantes (números 5, 2, 10 e 1) representan conxuntamente o 8,3% do investimento total.

Distribución do Programa Operativo FEADER Galicia 2014-2020 por OT/Eixes (en euros)						
OT/Eixes	Axuda FEADER	Cofinanciación Xunta	Cofinanciación AXE	Custo	%	
OT1	3.060.000	918.000	102.000	4.080.000	0,3	
OT2	13.980.000	3.262.000	1.398.000	18.640.000	1,6	
OT3	344.160.000	84.966.000	29.754.000	458.880.000	38,7	
OT4	64.740.000	15.106.000	6.474.000	86.320.000	7,3	
OT5	45.450.000	10.605.000	4.545.000	60.600.000	5,1	
OT6	255.690.000	59.887.000	25.343.000	340.920.000	28,7	
OT7	0	0	0	0	0,0	
OT8	62.760.000	14.844.000	6.076.000	83.680.000	7,1	
OT9	87.930.000	24.813.000	4.497.000	117.240.000	9,9	
OT10	5.460.000	1.638.000	182.000	7.280.000	0,6	
Eixe AT	6.570.000	1.533.000	657.000	8.760.000	0,7	
Total	889.800.000	217.572.000	79.028.000	1.186.400.000	100,0	

Fonte: elaboración propia a partir da programación inicial do PO

Entre as actuacións que se prevén executar no PO rexional do FEADER destacan as vinculadas coas actividades de demostración e información no OT1. As infraestruturas de banda ancha realizaranse no OT2. No OT3 sobresaen os investimentos en explotacións agrícolas, as de procesado, comercio e desenvolvemento de produtos agrícolas, as de primeira instalación de novos agricultores e as infraestruturas relacionadas co desenvolvemento, adaptación e modernización da agricultura e a silvicultura.

Os investimentos de establecemento e mantemento de superficies forestais e as de aumento da resiliencia e do valor ambiental dos ecosistemas forestais resaltan no OT4. No OT5 destacan as accións agroambientais de xestión sustentable de pastos e de extensificación de vacún de leite, así como as de mantemento en agricultura ecolóxica. No OT6 sobresaen os investimentos de prevención de danos causados por incendios, desastres naturais e catástrofes e as relacionadas co apoio ás áreas de montaña e a outras áreas con limitacións naturais.

Distingúense no OT8 os investimentos vinculados coas tecnoloxías forestais e coas de desenvolvemento de actividades non agrícolas. No OT9 sobresaen os investimentos

LEADER de implementación de operacións e os de infraestruturas de saneamento en áreas rurais. E finalmente, o OT10 recollerá accións de formación profesional e adquisición de competencias.

A programación do FEADER en Galicia **contribuirá** ao desenvolvemento dun sector agrícola máis equilibrado desde a óptica territorial e ambiental, máis respectuoso co clima, máis resistente aos cambios climáticos, máis competitivo e máis innovador.

II.1.5. Formulación estratéxica do FEMP 2014-2020 en Galicia

A axuda FEMP asignada pola UE ao Estado español para conseguir un crecemento sustentable no sector da pesca, a acuicultura, a industria e a comercialización no período 2014-2020 ascende a 1.161,6 millóns de euros. Deste importe destaca a parte que xestionará a Xunta de Galicia, que representa o 31,9% do total do FEMP.

○ **deseño da planificación do FEMP en Galicia**, que se enmarca dentro do PO Nacional FEMP España 2014-2020, pretende o fomento dunha pesca e unha acuicultura competitivas, ambientalmente sustentables, economicamente viables e socialmente responsables, o impulso da aplicación da Política Pesqueira Común (PPC) e da Política Marítima Integrada (PMI), e o desenvolvemento territorial equilibrado e integrador das zonas pesqueiras e acuícolas.

A estratexia do PO na parte de Galicia artículase ao redor dos obxectivos específicos e medidas das prioridades seleccionadas da Unión respecto do desenvolvemento sustentable das actividades de pesca e acuicultura e actividades conexas, que abarcan a 4 Obxectivos Temáticos e ao Eixe de Asistencia Técnica.

○ gasto público total da parte do **PO FEMP en Galicia**, que será xestionado pola Xunta ascende a 487,5 millóns de euros, dos que o 76,1% corresponde á Axuda comunitaria (371 millóns de euros), e o 23,9% restante será cofinanciado pola administración galega. Contando coa achega do sector privado (337,8 millóns de euros, que supón case o 41%), o gasto total subvencionable previsto do PO en Galicia ascenderá a 825,3 millóns de euros.

Distribución financeira do FEMP Galicia 2014-2020 por OT/Eixes (en euros)							
OT/Eixes	Gasto Público Total			Gasto Privado	Total Gasto Subvencionable	%	
	Axuda FEMP	Cofinanciación Xunta	Custo				
OT1	0	0	0	0	0	0,0	
OT2	0	0	0	0	0	0,0	
OT3	189.493.250	63.897.750	253.391.000	208.166.188	461.557.188	55,9	
OT4	13.300.000	4.633.333	17.933.333	18.733.333	36.666.666	4,4	
OT5	0	0	0	0	0	0,0	
OT6	86.934.312	28.665.292	115.599.604	45.666.666	161.266.270	19,5	
OT7	0	0	0	0	0	0,0	
OT8	59.956.280	12.220.721	72.177.001	65.194.117	137.371.118	16,6	
OT9	0	0	0	0	0	0,0	
OT10	0	0	0	0	0	0,0	
Eixe AT	21.333.000	7.111.000	28.444.000	0	28.444.000	3,4	
Total	371.016.842	116.528.097	487.544.938	337.760.304	825.305.242	100,0	

Fonte: elaboración propia a partir da programación inicial do PO FEMP España 2014-2020

Destaca a concentración de recursos do OT3, que representa o 55,9% do investimento total, e que está relacionado coa competitividade das PEME. Séguenlle en orde de relevancia financeira os investimentos do OT6, vinculado coa protección do medio ambiente e a eficiencia dos recursos, que supón o 19,5%. Co 16,6% figura o OT8, que está relacionado co emprego e o mercado laboral. E finalmente o OT4, que recollerá accións vinculadas cunha economía baixa en carbono, supón o 4,4%. O Eixe de Asistencia Técnica representa o 3,5% do Custo total.

Entre as actuacións que se prevén executar no PO FEMP en Galicia destacan as vinculadas coa transformación dos produtos da pesca e a acuicultura, cos investimentos produtivos na acuicultura, coas infraestruturas pesqueiras e os investimentos que melloren a seguridade dos pescadores e coas medidas de comercialización (OT3). No OT4 sobresaen os investimentos a bordo e os programas relacionados coa eficiencia enerxética e mitigación do cambio climático e auditorías e estudos, e as vinculadas co aumento da eficiencia enerxética e reconversión a fontes de enerxías renovables na acuicultura.

No OT6 resaltan as medidas de protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas mariños, as de eficiencia dos recursos, redución do uso da auga e químicos e sistemas de recirculación na acuicultura, e as de control e execución na aplicación da PPC. E no OT8 destacan as medidas relacionadas coas estratexias de desenvolvemento local participativo que levan a cabo os Grupos de Acción Local Pesqueira (GALP).

II.1.6. Análise da estratexia conxunta dos Fondos EIE 2014-2020 en Galicia e a súa coherencia cos Obxectivos da Estratexia Europa 2020

A Axuda comunitaria dos Fondos EIE alcanzará en Galicia un investimento estimado de 4.071,6 millóns de euros, sen ter en conta a que se asigna polo Obxectivo de Cooperación Territorial Europea (83,9 millóns de euros), que se detalla máis adiante. O investimento total que se espera alcanzar a través dos distintos Programas que están cofinanciados por estes Fondos EIE **supoñerá unha mobilización de case 6.000 millóns de euros**, incluíndo a achega privada.

O Fondo que máis recursos financeiros achega á estratexia global é o FEDER, co 48% da Axuda total, seguido do FEADER co 21,9%, o FSE co 21%, e o FEMP, que supón o 9,1% restante da Axuda total.

A programación destes Fondos EIE (FEDER, FSE, FEADER e FEMP) constitúe o núcleo da **estratexia de desenvolvemento de Galicia a medio e longo prazo** e son considerados como un incentivo crave para avanzar cara a un modelo de crecemento máis intelixente, sustentable e integrador. Permitirán, ademais incentivar a creación de emprego e a redución das disparidades internas da rexión.

Distribución en Galicia da Axuda comunitaria 2014-2020 por OT/Eixes e Fondos EIE (en euros)						
OT / Eixes	FEDER	FSE	FEADER	FEMP	Total Axuda Fondos EIE (I)	%
OT1	484.950.292	0	3.060.000	0	488.010.292	12,0
OT2	220.622.077	0	13.980.000	0	234.602.077	5,8
OT3	220.486.501	0	344.160.000	189.493.250	754.139.751	18,5
OT4	369.627.955	0	64.740.000	13.300.000	447.667.955	11,0
OT5	39.538.127	0	45.450.000	0	84.988.127	2,1
OT6	241.912.988	0	255.690.000	86.934.312	584.537.300	14,4
OT7	141.005.999	0	0	0	141.005.999	3,5
OT8	0	397.735.642	62.760.000	59.956.280	520.451.922	12,8
OT9	51.438.483	250.658.868	87.930.000	0	390.027.351	9,6
OT10	47.330.000	179.978.765	5.460.000	0	232.768.765	5,7
Eixe 12 Urbano	118.767.686	0	0	0	118.767.686	2,9
Eixe AT	21.205.795	25.534.047	6.570.000	21.333.000	74.642.842	1,8
Total	1.956.885.903	853.907.322	889.800.000	371.016.842	4.071.610.067	100,0

(I) Sin ter en conta os programas de Cooperación Territorial Europea

Fonte: elaboración propia a partir das programacións iniciais dos POs 2014-2020

Atendendo ao número de OT e ao de Fondos, obsérvase **que todos os OT contribúen ao desenvolvemento da estratexia conxunta dos Fondos EIE en Galicia.**

O FEDER é o que contribúe con maior número á estratexia conxunta comunitaria con 9, e ao que se lle suma tamén o Eixe Urbano 12, para levar a cabo accións integradas

de desenvolvemento. O FEADER contribúe con 9 OT. A continuación figura o FEMP, con 4 OT. E finalmente o FSE, con 3 OT.

Mencionar que o Eixe de Asistencia Técnica prográmase de forma complementaria aos OT dos Fondos EIE, e serve de apoio ao desenvolvemento da xestión, seguimento, avaliación, control e comunicación dos distintos programas ao longo do período.

Observando **a distribución financeira da Axuda dos Fondos EIE** na estratexia global planificada pola Xunta respecto dos OT da Estratexia Europa 2020, apréciase como **a programación deseñada responde a unha xerarquización dos mesmos**, sendo o OT3, relacionado coas PEME, o que contará con máis recursos, co 18,5% do total da Axuda. O Fondo FEADER é o que achega máis recursos neste OT.

Séguelle o OT6, relacionado co medio ambiente, co 14,4% da Axuda, onde sobresa a achegada polo FEADER. O Obxectivo Temático 8, que está vinculado co emprego, representa o 12,8% da Axuda total e a súa máxima achega procede do FSE.

As accións de investigación e innovación serán atendidas polo OT1, co 12% da Axuda, mentres que as destinadas á economía baixa en carbono serán atendidas polo OT4, co 11%, sendo en ambos os casos o Fondo FEDER o que máis recursos achega neste OT.

As actuacións relacionadas coa inclusión social e a loita contra a pobreza do OT9 supoñen o 9,6%. O fondo FSE é o de máis contribución ao OT. A continuación figura o OT2, vinculado coas TIC, que representa o 5,8%. O Fondo FEDER é o que achega máis recursos neste OT. As actuacións programadas na educación do OT10 representan o 5,7% da Axuda total, sendo o FSE o Fondo que achega maior número de recursos neste OT.

As accións de transporte serán atendidas polo OT7, co 3,5% da Axuda, mentres que as integradas urbanas serán desenvolvidas a través do Eixe 12, co 2,9%. En ambos os casos o FEDER é o único Fondo que achega recursos nestes ámbitos.

E finalmente, as accións vinculadas ao cambio climático e a prevención de riscos serán atendidas no OT5, que supón o 2,1% da Axuda total da estratexia conxunta dos Fondos EIE en Galicia.

A análise conxunta desta priorización dos OT e dos recursos económicos destinados a cada un deles, **permite sinalar, que en termos xerais hai unha boa consistencia entre as asignacións financeiras e o carácter estratéxico de cada OT**, onde se aprecia que os OT 3, 6, 8 e 1 son considerados de máxima importancia no enfoque estratéxico da programación comunitaria en Galicia e representan o 57,7% da Axuda da estratexia global. Un segundo grupo de importancia media-alta estará integrado polos OT 4, 9, 2, 10, que supoñen ao redor do 32% da Axuda. Por último, nunha posición estratéxica media quedaría o OT7, o Eixe 12 Urbano e o OT5, que representan conxuntamente o 8,5% da Axuda total programada.

Profundando na estratexia conxunta dos Fondos EIE en Galicia **para analizar a súa relación cos Obxectivos da Estratexia Europa 2020**, e despois de confeccionar a táboa de contribución dos diferentes OT ao marco da Estratexia Europa 2020, apréciase que:

- Todos os OT da estratexia comunitaria galega contribúen, aínda que con diferente intensidade, polo menos, a un Obxectivo da Estratexia Europa 2020, o que pon de manifesto a plena aliñación de ambas estratexias.
- Varios dos OT do investimento programado contribúen a máis dun Obxectivo da Estratexia Europa 2020, o que pon de manifesto as sinerxías existentes entre ambas estratexias. Neste caso destaca o OT8, que contribúe a catro Obxectivos.
- Os Obxectivos da Estratexia Europa 2020 relacionados co Cambio climático e a enerxía, coa I+D e co Emprego son os máis atendidos pola Estratexia conxunta dos Fondos EIE en Galicia.

Coherencia da Estratexia Conxunta dos Fondos EIE 2014-2020 en Galicia coa Estratexia Europa 2020					
Obxectivos Temáticos	Obxectivos da Estratexia Europa 2020				
	Emprego	I+D	Cambio climático e enerxía	Educación	Pobreza e inclusión social
OT1		XXX		X	
OT2		X			X
OT3	XX	XX			
OT4			XXX		
OT5			XX		
OT6	X		XXX		
OT7			X		
OT8	XX	X		X	X
OT9				X	XXX
OT10	X			XX	

Nota: o grao de correlación pode ser alto, medio-alto e medio, según o número de X

Fonte: elaboración propia

Do mencionado, despréndese que o deseño da estratexia conxunta dos Fondos EIE en Galicia reflicte unha programación dos investimentos verdadeiramente estratéxicos, centradas na economía real, no crecemento sustentable e no benestar das persoas, **e que é coherente coa nova Política de Cohesión e cos Obxectivos da Estratexia Europa 2020.**

II.1.7. Formulación estratéxica dos Programas de Cooperación Territorial Europea (CTE) 2014-2020 en Galicia

No marco do Obxectivo de Cooperación Territorial Europea e financiada polo Fondo Estrutural FEDER, a C.A. de Galicia dispoñerá dunha Axuda comunitaria aproximada de 83 millóns de euros para atender os proxectos seleccionados por convocatoria pública relacionados coa cooperación transfronteiriza, a transnacional (2 programas) e a interrexional, que se materializarán no período 2014-2020 a través da execución de 4 programas.

A regulamentación da Cooperación Territorial Europea é independente da dos Fondos EIE e dispón das súas propias normas específicas. Dita cooperación é un importante instrumento da política de desenvolvemento rexional que proporciona un marco para o intercambio de experiencias entre axentes locais, rexionais e nacionais da UE e que tamén beneficiará ás rexións dos Estados membros limítrofes con terceiros países.

Programas de Cooperación Territorial Europea 2014-2020 nos que participará Galicia (Axuda estimada en euros)						
OT/Eixes	PO Transfronteirizo España-Portugal	PO Transnacional Espazo Atlántico	PO Transnacional Espazo Sudoeste	PO Interrexional INTERREG	Total Axuda	Previsto UE / España / Galicia
OT1	76.923.283	47.117.240	39.519.893	84.441.686	248.002.102	
OT3	55.513.939	0	14.953.473	84.441.685	154.909.097	
OT4	0	12.024.333	11.749.158	84.441.685	108.215.176	
OT5	20.228.434	15.267.039	12.817.263	0	48.312.736	
OT6	89.583.067	57.203.791	21.362.105	84.441.685	252.590.648	UE (I)
OT11	29.390.255				29.390.255	
Eixe AT	17.338.657	8.400.791	6.408.631	21.559.579	53.707.658	
Total	288.977.635	140.013.194	106.810.523	359.326.320	895.127.672	
España	218.700.268	33.825.866	57.345.480	30.000.000	339.871.614	España (II)
Galicia	57.039.373	19.578.119	5.114.974	2.140.672	83.873.138	Galicia

(I) Total Axuda para todos os Programas de Cooperación Territorial na UE 2014-2020: 10.195 millóns de euros

(II) Total Axuda para todos os Programas de Cooperación Territorial 2014-2020 en España: 673 millóns de euros

Fonte: elaboración propia a partir das programacións iniciais dos POs

Entre os **investimentos de cooperación que se esperan materializar en Galicia** destacan as transfronteirizas entre a Rexión Norte de Portugal e Galicia, co 68% do total da Axuda FEDER. En orde de importancia financeira séguenlle os proxectos programados no Espazo Atlántico (23,3%), o Espazo Sudoeste (6,1%) e a Cooperación Interrexional (2,6%).

Observando a **formulación estratéxica global dos 4 Programas nos que participa Galicia**, apréciase o alto grao de importancia que o proceso de programación concédelle aos 2 primeiros Obxectivos Temáticos, relacionados por unha banda coa investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación (OT1), e por outra banda, coa competitividade das PEME (OT3), xa que ambos representan o 45% da Axuda total dos POs. Sobresae tamén o investimento no OT6, vinculado coa protección do medio

ambiente e a eficiencia dos recursos, que é o de maior importe, co 28,2% da Axuda. Os investimentos que se pretenden executar relacionados coa transición a unha economía baixa en carbono supoñen o 12,1%, mentres os relacionados coa adaptación ao cambio climático ascenden ao 5,4%. A continuación figura o 6% da Axuda FEDER na Asistencia Técnica para o desenvolvemento da xestión, a avaliación, o control, a información e comunicación dos programas. E finalmente, cóntase tamén co 3,3% para promover accións de cooperación institucional e de cooperación entre cidadáns e institucións (OT I I).

A continuación expóñense unhas breves características dos 4 POs de CTE nos que participa Galicia.

PO COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA-PORTUGAL 2014-2020

O Programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020

pretende abordar os retos comúns que foron identificados nas rexións fronteirizas. Trátase pois dun Programa para actuar no espazo fronteirizo de España-Portugal, que está conformado por 37 NUTS III pertencentes a ambos os países.

As **áreas de cooperación** nas que se articula o Programa son cinco: Galicia-Norte de Portugal, Norte de Portugal-Castela e León, Centro de Portugal-Castela e León, Alentejo-Centro-Estremadura e Alentejo-Algarve-Andalucía.

O investimento previsto no **Programa ascende a un Custo total de 382,6 millóns de euros**, sendo a Axuda comunitaria FEDER de 289 millóns de euros, dos que se estima que o 75,7% será asignado ao conxunto das áreas de España, mentres que a porcentaxe restante correspóndelle ás áreas de Portugal. A cofinanciación pública ascende ao 19,6% do custo total do PO, mentres que a privada supón o 4,83%.

A zona transfronteiriza formada por **Galicia-Norte de Portugal** caracterízase por unha gran mobilidade e densidade demográfica, sumándose a iso a existencia de lazos comúns, proximidade cultural e favorables experiencias, o que permite converter esta cooperación nun instrumento de desenvolvemento territorial fundamental.

As zonas NUTS III comprenden A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra (Galicia) e Minho-Lima, Cávado, Ave, Tâmega, Grande Porto, Alto Tras Móntesvos, Douro e Entre Douro e Vouga (Norte de Portugal).

O espazo **Galicia-Norte de Portugal é un territorio** que cabe distinguir entre a franxa atlántica con núcleos considerados como intermedios (Pontevedra, Cávado, A Coruña, Ave) ou urbanos (Tâmega, Grande Porto), e o interior predominante rural. Esta disxuntiva reflíctese tamén noutras variables socioeconómicas, como o envellecemento da poboación. A competitividade desta área de cooperación, en termos de produtividade, é inferior á media da UE. A súa estrutura produtiva mostra un peso relativamente maior do

sector primario, destacando tamén a importancia relativa de certas actividades industriais en determinadas zonas.

A Axuda comunitaria FEDER que se prevé investir na C.A. de Galicia en actuacións transfronteirizas ascende a 57 millóns de euros, que serán xestionados pola Administración Xeral do Estado e pola Xunta.

PO TRANSNACIONAL ESPAZO ATLÁNTICO 2014-2020

O investimento previsto **no PO Espazo Atlántico 2014-2020 a nivel europeo** ascende a un custo total de 185,4 millóns de euros, sendo a Axuda comunitaria FEDER de 140 millóns de euros. A cofinanciación pública ascende ao 19,7% do Custo total do PO, mentres que a privada supón o 4,7%.

O Espazo Atlántico cobre a parte occidental de Europa limítrofe co Océano Atlántico. Abarca a parte occidental do Reino Unido, Irlanda e Portugal; a parte norte e a máis suroccidental de España así como o oeste de Francia. O programa engloba un total de 37 rexións. En España comprende as CC. AA. de Galicia, Asturias, Cantabria, Navarra, País Vasco e Illas Canarias, máis as provincias de Huelva, Cádiz e Sevilla.

As principais características que unen a estes territorios son o seu patrimonio ambiental e a súa dimensión marítima, sen esquecer unha pauta común de desenvolvemento urbano e territorial baseado na existencia dunha maioría de zonas rurais intermedias e un número limitado de grandes zonas metropolitanas.

Entre outros puntos de converxencia que actúan como factores crave no desenvolvemento conxunto do Espazo Atlántico cabe destacar a tradición de cooperación, as fortes redes existentes entre actores relevantes e o gran patrimonio cultural e a identidade cultural.

Con todo, o espazo do Programa é, en moitos sentidos, diverso, podendo observarse a miúdo unhas diferenzas significativas por determinadas zonas en termos de desenvolvemento económico e demográfico.

A formulación estratéxica do PO persegue sete obxectivos específicos que están relacionados co aumento da capacidade de innovación, coa transferencia de resultados de innovación para facilitar novos produtos, servizos e procesos, coas enerxías renovables e a eficiencia enerxética, co crecemento verde, a ecoinnovación e a eficiencia ambiental, cos sistemas de xestión de riscos, coa protección da biodiversidade e coa valorización de activos naturais e culturais.

A Axuda comunitaria FEDER que se prevé investir na C.A. de Galicia en actuacións de cooperación do Espazo Atlántico ascende a 19,6 millóns de euros, que

serán xestionados pola Xunta. No conxunto de España o investimento previsto en Axuda alcanza os 33,8 millóns de euros.

PO TRANSNACIONAL ESPAZO SUDOESTE 2014-2020

○ Programa de Cooperación Territorial Transnacional **Espazo Sudoeste 2014-2020** abarca os territorios de España (excepto as Illas Canarias), Portugal (excepto Madeira e Azores), Xibraltar, Andorra e 6 rexións do suroeste francés (Aquitania, Auvernia, Languedoc-Rosellón, Lemosín, Mediodía-Pireneos e Poitou-Charentes).

○ investimento previsto no **Programa a nivel europeo ascende a un Custo total de 141,9 millóns de euros**, sendo a Axuda comunitaria FEDER de 106,8 millóns de euros. A cofinanciación pública ascende ao 20% do custo total do PO, mentres que a privada supón o 4,7%.

○ espazo Sudoeste atópase particularmente afectado polos efectos da crise económica-financiera, especialmente nalgúns zonas de Portugal e España, por exemplo nas rexións españolas de Andalucía, Estremadura ou Castela a Mancha onde se rexistraron niveis moi elevados de desemprego no ano 2012 (34,6%, 33% e 28%, respectivamente), que son valores moi superiores á media SUDOE (17%) ou europea (10,4%).

Desde un punto de vista demográfico e territorial, o espazo SUDOE caracterízase por unha zona costeira con elevada densidade de poboación, con cidades como Lisboa, Porto, Barcelona, Valencia ou Burdeos, e un interior máis rural (en particular, Auvernia, Lemosín e zonas centro de España e Portugal), onde, fóra de Madrid e Toulouse, predominan as cidades de pequeno e mediano tamaño.

A formulación do Programa **pretende desenvolver unha estratexia** que consolide o Sudoeste europeo como un espazo de cooperación territorial nos ámbitos da competitividade e a innovación, o medio ambiente, o desenvolvemento sustentable e a ordenación espacial, que contribúa a asegurar unha integración harmoniosa e equilibrada das súas rexións, dentro dos obxectivos de cohesión económica e social da UE.

A Axuda comunitaria FEDER **que se prevé investir na C.A. de Galicia** en actuacións de cooperación SUDOE ascende a 5,1 millóns de euros, que serán xestionados pola Xunta. No conxunto de España o investimento previsto en Axuda alcanza os 57,3 millóns de euros.

PO INTERREXIONAL INTERREG 2014-2020

○ investimento previsto no PO de CTE INTERREG 2014-2020 para os Estados membros UE ascende a un Custo total de 426,3 millóns de euros, sendo a Axuda comunitaria FEDER de 359,3 millóns de euros. A cofinanciación pública ascende ao 14,4% do

custo total do PO, mentres que a privada supón o 1,4%. Os socios de Noruega e Suíza achegarán fondos nacionais adicionais de 6.000.827 euros ao PO.

A área do programa **abarca a 286 rexións da UE-28 máis os Estados de Noruega e Suíza**. Estes territorios presentan características, situacións e perspectivas diferentes. Inclúen rexións metropolitanas onde reside unha parte crecente da poboación europea e que se converteron en importantes motores da economía e o crecemento. Pero esta concentración de persoas e actividades económicas tamén presenta desafíos específicos. Ao mesmo tempo, a maior parte da área europea consta de rexións cunha gran variedade de zonas peri-urbanas e rurais, de características territoriais costeiras, montañosas e doutro tipo específicas.

A formulación estratéxica da cooperación interrexional contribuirá a reforzar a Política de Cohesión a través do fomento de intercambio de experiencias de boas prácticas entre rexións, relacionadas co desenvolvemento urbano sustentable, incluídos os vínculos entre os ámbitos urbano e rural, coas accións de investigación intensiva e de apoio ás PEME e a súa transferencia entre rexións desenvolvidas e menos desenvolvidas, coas actuacións de cooperación entre rexións europeas para mellorar a efectividade das súas políticas e programas, e coa análise das tendencias de desenvolvemento da Unión mediante estudos, recollida de datos e outras medidas.

A Axuda comunitaria FEDER **que se prevé investir na C.A. de Galicia** en actuacións de cooperación interrexional ascende a 2,1 millóns de euros, que serán xestionados pola Xunta. No conxunto de España o investimento previsto en Axuda alcanza os 30 millóns de euros.

II.1.8. Estructuras de coordinación dos Fondos EIE 2014-2020

As autoridades responsables da xestión dos Fondos EIE actúan coordinadamente na materialización das estratexias e obxectivos dos Programas Operativos e velarán pola súa complementariedade en todo o período de programación.

Co fin de aproveitar sinerxías e maximizar o impacto conxunto dos Fondos EIE e lograr unha coordinación efectiva coas correspondentes políticas nacionais e europeas, relaciónanse a continuación os principais **mecanismos de coordinación** para o período 2014-2020:

- *Comité de Coordinación de Fondos EIE*. Neste participan representantes de cada un dos Fondos EIE.
- *Comité de Avaliación*. Dá continuidade ao Comité de Seguimento Estratéxico e Avaliación Continua do FEDER e FSE, co obxectivo de avanzar no seguimento e avaliación dos Programas apoiados con estes Fondos.

- *Comités de Seguimento dos Programas Operativos.* Para o seguimento conxunto e coordinado, evitando solapamentos e duplicidades nos diferentes niveis da Administración.
- *Redes de Comunicación.* A AGE e as CC. AA. forman a Rede de Comunicación GERIP (Grupo Español de Responsables en materia de Información e Publicidade dos Fondos FEDER e FSE). Así mesmo dáse continuidade á Rede de Comunicación GRECO-AGE, formada por organismos xestores FEDER da AGE e das Entidades Locais.
- *Redes Temáticas.* Están formadas por representantes do seguimento dos programas operativos e poderán contar con invitados en calidade de observadores ou expertos. Réxense polos estatutos aprobados polos seus membros e reúnen polo menos unha vez ao ano, mantendo un secretariado permanente encargado da difusión de información aos seus membros e da organización das reunións. As súas características relaciónanse na táboa que segue.

Redes temáticas do período 2014-2020			
Estruturas de Coordinación	Ámbito/Políticas a nivel Nacional	Ámbito/Políticas a nivel Europeo	Fondos EIE
Rede de Políticas de I+D+i	Acordo de Asociación	UE 2020: Unión pola innovación	FEDER
	EECTI (Estr. E. de Cienc. e Tecn. e Innov.)	Horizonte 2020	
	RIS3 (Estr. Nac. e Rex. para Esp. Intelix.)	COSME (PEME)	
Rede de Iniciativas Urbanas	Acordo de Asociación	Rede de Desenvol. Urbano	FEDER, FSE
	POs Estruturais	Plataforma europea de cidades	
Rede de Autoridades Ambientais	Acordo de Asociación	Programa LIFE	FEDER, FSE, FEADER, FEMP
	Normativa Avaliación Ambiental	Seguimento da contribución ao cambio climático	
	Estratexia dos POs Estruturais	Directiva avaliación efectos de plans e programas no medio ambiente.	
	POs Desenvolvemento Rural PO FEMP		
Rede de Políticas de Igualdade	Acordo de Asociación	Estratexia para a Igualdade entre Mulleres e Homes	FEDER, FSE, FEADER, FEMP
	POs EIE		
Rede de Inclusión Social	Acordo de Asociación	Axenda Social	FSE
	Programas Operativos	UE 2020: Plataforma europea contra a pobreza e a exclusión social	
Rede Rural Nacional	Acordo de Asociación	Política Agrícola Común	FEADER
	Marco Nacional de Desenvolvemento Rural		
	Programas de Desenvolvemento Rural		
Rede Española de Grupos de Pesca	Acordo de Asociación	Política Marítima Integrada	FEMP
	Programa Operativo	Política Pesquera Común	

Fonte: elaboración propia

Así mesmo, as estruturas de coordinación definidas permitirán coordinar e desenvolver a transversalidade dos **principios horizontais e obxectivos transversais**: principio de asociación e gobernanza en varios niveis, desenvolvemento sustentable, promoción da igualdade entre homes e mulleres e non discriminación, accesibilidade, cambio demográfico e redución do cambio climático e adaptación ao mesmo.

II.2. A AXUDA COMUNITARIA NOS ORZAMENTOS DA C.A. PARA 2016

O total da Axuda dos programas comunitarios dos Fondos EIE 2014-2020 acadan nos orzamentos da C.A. para 2016 un montante de 521,9 millóns de euros e correspóndense coa política de cohesión a través do FEDER, FSE e Emprego Xuvenil e coas políticas de Desenvolvemento Rural e Marítima e de Pesca a través do FEADER e FEMP, respectivamente.

Distribución da Axuda Comunitaria nos orzamentos 2016 por PA do PEG e Programas Operativos (euros)								
PEG 15-20		PROGRAMAS COMUNITARIOS					TOTAL	%
EIXE	PA	FEDER	FEADER	FEMP	FSE	Emprego Xuvenil		
1	1.1	28.527.426	2.454.198	0	1.000.000	0	31.981.624	6,1
	1.2	20.404.770	13.456.181	0	2.255.985	0	36.116.936	6,9
	1.3	0	0	0	21.099.393	15.999.999	37.099.392	7,1
	1.4	10.430.853	0	0	0	0	10.430.853	2,0
	1.5	9.839.896	1.829.602	305.565	16.967.289	0	28.942.352	5,5
2	2.1	15.631.317	0	0	0	0	15.631.317	3,0
	2.2	2.796.690	0	0	2.451.550	0	5.248.240	1,0
	2.3	6.634.774	0	0	2.598.200	2.000.000	11.232.974	2,2
	2.4	1.745.994	0	0	13.625.630	0	15.371.624	2,9
3	3.1	2.234.872	155.465.460	51.069.857	0	0	208.770.189	40,0
	3.2	23.587.453	4.725.000	0	0	0	28.312.453	5,4
	3.3	4.538.190	1.500.000	0	0	0	6.038.190	1,2
	3.4	6.348.554	6.506.846	0	0	0	12.855.400	2,5
	3.5	30.814.399	4.776.777	0	0	0	35.591.176	6,8
4	4.1	24.894.685	375.000	0	0	0	25.269.685	4,8
	4.2	2.781.213	0	0	0	0	2.781.213	0,5
	4.3	4.877.056	0	0	400.847	0	5.277.903	1,0
5	5.2	3.879.958	0	64.578	829.320	205.808	4.979.664	1,0
TOTAL		199.968.100	191.089.064	51.440.000	61.228.214	18.205.807	521.931.185	100,0

Fonte: elaboración propia

Por Programas destaca a Axuda do PO FEDER, con case 200 millóns de euros, que representa o 38,3% do total, seguido do PO FEADER, que con 191 millóns de euros supón o 36,6% da Axuda total. O programa do FSE ascende a 61,2 millóns de euros, que representa o 11,7% do total da Axuda. O PO FEMP, con 51,4 millóns de euros, supón o 9,9% do total. E finalmente, figura o PO de Emprego Xuvenil, que con 18,2 millóns de euros alcanza o 3,5% do total da Axuda orzamentada.

Analizando a distribución da Axuda comunitaria nos orzamentos da C.A. para 2016 **por Prioridades de Actuación (PA) do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020**, obsérvase que a PA que máis destaca é a 3.1, vinculada co sector primario baseado na innovación e a calidade de produto galego que fixe a poboación ao medio rural, que con 208,7 millóns de euros representa o 40% do total da Axuda comunitaria, seguido da PA 1.3, relacionada coa empregabilidade e produtividade dos traballadores galegos a través da formación e innovación constante, que con 37 millóns de euros, representa o 7,1% do total, e da PA 1.2, que está relacionada ca actividade empresarial, a

competitividade, a internacionalización, a artesanía, a regulación sectorial e a protección da competencia, que con 36,1 millóns de euros e supón o 6,9% do total.

Arredor do 6% da Axuda aparece a PA 3.5, que está relacionada co tratamento de residuos e o ciclo da auga, con 35,6 millóns de euros, e a PA 1.1, relacionada cos gastos das políticas de I+D+i, con 32 millóns de euros.

A continuación sobresaen a PA 1.5, relacionada coas accións no sistema educativo e no Sistema Universitario Galego, que cun orzamento de 28,9 millóns de euros supón o 5,5% do total.

Representando o 5,4% do total figura a continuación a PA 3.2, vinculada coas enerxías renovables e o fomento dunha economía baixa en carbono, con 28,3 millóns de euros. Co 4,8% do total aparece a PA 4.1, relacionada coa economía dixital, a industria cultural e de medios e o desenvolvemento da sociedade da información, con 25,3 millóns de euros.

Co 3% do total figura a PA 2.1, vinculada co sistema sanitario e o fomento da saúde pública e os modos de vida saudables, con 15,6 millóns de euros. Segue a PA 2.4, que está relacionada coa integración social e os máis desfavorecidos e ten unha Axuda de 15,4 millóns de euros.

Co 2,5% do total figura a PA 3.4, vinculada coa conservación da natureza e a ordenación do territorio e da paisaxe, con 12,9 millóns de euros. A PA 2.3, relacionada cos servizos sociais a familias e á infancia, coa conciliación, cos servizos complementarios da educación e coas políticas de xuventude e cooperación, figura a continuación con 11,2 millóns de euros, que representan o 2,2% do total da Axuda.

Figuran despois a PA 1.4, vinculado coas infraestruturas básicas e as políticas de rehabilitación e conservación da vivenda, con 10,4 millóns de euros, e a PA 3.3, relacionado co turismo, con 6 millóns de euros, que representan respectivamente o 2% e o 1,2% do total da Axuda.

Arredor do 1% do total da Axuda figuran a PA 4.4, vinculada co modelo de xestión de Galicia como autonomía histórica, con 5,3 millóns de euros, a PA 2.2, relacionada cos servizos sociais de atención as persoas maiores e dependentes, con 5,2 millóns de euros, e a PA 5.2, vinculada coa Administración financeira transparente, eficiente e orientada a resultados, con case 5 millóns de euros.

E finalmente, cunha representación do 0,5% do total da Axuda comunitaria e 2,8 millóns de euros, figura a PA 4.3, que está relacionada coa riqueza cultural de Galicia.

En canto a **contribución dos Programas Operativos as PA do PEG**, sobresaen o FEDER que contribúe directamente a 17 PA, seguidos do FEADER e o FSE, cada un deles con 9, e do FEMP e do Emprego Xuvenil, tamén con 3 cada un deles.

Por outra parte tamén destacan as PA 1.5 e 5.2, que son as que **reciben investimentos dun número maior de Fondos**, con 4 Fondos cada unha delas. E coa contribución de 3 Fondos figuran as PA 1.1, 1.2, 2.3 e 3.1.

Exponse a continuación a **distribución da Axuda comunitaria dos Programas Operativos que son cofinanciados polos Fondos EIE (FEDER, FEADER, FSE e FEMP)** por centros xestores da Xunta nos orzamentos de 2016.

A anualidade orzamentada do **PO FEDER Galicia 2014-2020** correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia para 2016, repartida por centros xestores e Conselleiras da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 199.968.100 euros.

Distribución da Axuda do PO FEDER Galicia 2014-2020 por órgano xestor e consellerías no orzamento 2016 (euros)		
Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	3.714.699
D.X DE EMERXENCIAS E INTERIOR	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	828.877
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO	CONSELLERÍA DE FACENDA	655.520
D.X DE PROXECTOS E FONDOS EUROPEOS	CONSELLERÍA DE FACENDA	378.905
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	26.804.795
S.X DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	6.926.313
D.X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	3.431.845
D.X. DE MOBILIDADE	CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA	1.899.181
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	9.839.896
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	2.781.213
SECRETARIA XERAL DE UNIVERSIDADES	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	5.515.008
D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	6.634.774
D.X. DE INCLUSIÓN SOCIAL	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	1.745.994
D.X. DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	2.796.690
DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E PRODUCCIÓN FORESTAL	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	2.234.872
DIRECCION XERAL SS. CC.	SERGAS - DIRECCIÓN XERAL	15.631.317
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	3.040.452
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	7.390.401
AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	24.894.685
AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	23.012.418
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	4.538.190
AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	1.390.827
CENTRO INFORMÁTICO XESTION TRIBUTARIA ECONOMICA E CONTABLE	CENTRO INFORMÁTICO XESTION TRIBUTARIA ECONOMICA E CONTABLE	1.788.186
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	20.404.770
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	21.688.272
Orzamento		199.968.100

Fonte: elaboración propia

O número de centros directivos que xestionarán o FEDER orzamentado para o ano 2016 elévase a 25.

Destaca a Axuda comunitaria que será xestionada pola SXT da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (26,8 millóns de euros), que supón o 13,4% do total do FEDER, seguida da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (24,9 millóns de euros, 12,4%), da Axencia Galega de Innovación (23 millóns de euros, 11,5%), do Instituto Enerxético de Galicia (21,7 millóns de euros, 10,8%), e do Instituto Galego de Promoción Económica (20,4 millóns de euros, 10,2%).

Nun segundo grupo de 13 xestores, con participación entre 7,8% e 1% da Axuda FEDER, destaca o SERGAS (15,6 millóns de euros, 7,8%), a SXT da Consellería de Cultura, Educación e O.U. (9,8 millóns de euros, 4,9%), a Axencia Galega de Infraestruturas (7,4 millóns de euros, 3,7%), a SX de Calidade e Avaliación Ambiental (6,9 millóns de euros, 3,5%) e a DX de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (6,6 millóns de euros, 3,3%).

E finalmente, no último grupo de 7 xestores, con participación por debaixo de 1%, destaca a DX de Mobilidade (1,9 millóns de euros), o Centro Informático de Xestión Tributaria, Económica e Contable (1,79 millóns de euros) e a DX de Inclusión Social da Consellería de Política Social (1,74 millóns de euros), cada un deles co 0,9% do FEDER.

A anualidade orzamentada do **PO FEADER 2014-2020** correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia para 2016, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 191.089.064 euros.

Distribución da Axuda PO FEADER Galicia 2014-2020 por centros xestores e consellerías no orzamento 2016 (euros)		
Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
D.X DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	4.000.000
SECRETARÍA XERAL TECNICA	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	4.776.777
D.X. DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	2.506.846
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	1.659.153
DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E PRODUCCIÓN FORESTAL	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	55.681.837
DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	50.874.699
D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	14.159.752
FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	27.438.170
AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	375.000
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	1.500.000
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	2.731.181
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	4.725.000
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	20.660.649
Orzamento		191.089.064

Fonte: elaboración propia

O número de centros que xestionarán o FEADER orzamentado no ano 2016 elévase a 13.

Destaca a Axuda que será xestionada pola DX de Ordenación e Produción Forestal da Consellería do Medio Rural (55,7 millóns de euros, 29,1% do total da Axuda), seguida da DX de Gandería, Agricultura, e Industrias Agroalimentarias (50,9 millóns de euros, 26,6%), do Fondo Galego de Garantía Agraria (27,4 millóns de euros, 14,4%), da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (20,7 millóns de euros, 10,8%), e da DX de Desenvolvemento Rural (14,2 millóns de euros e 7,4% do total do FEADER).

A anualidade orzamentada para o ano 2016 da Axuda comunitaria **FEMP Galicia 2014-2020**, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta de Galicia, ascende a 51.440.000 euros.

Distribución da Axuda do PO FEMP 2014-2020 por centros xestores e consellerías no orzamento 2016		
Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO	CONSELLERÍA DE FACENDA	64.578
DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	CONSELLERÍA DO MAR	33.804.486
D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	CONSELLERÍA DO MAR	17.570.936
Orzamento		51.440.000

Fonte: elaboración propia

Son 3 os centros directivos que xestionarán o FEMP orzamentado para o ano 2016. Destaca a DX de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, con 33,8 millóns de euros, seguida da DX de Desenvolvemento Pesqueiro, con 17,6 millóns de euros, pertencentes as dúas a Consellería do Mar, que supoñen respectivamente o 65,7% e o 34,2% do total da Axuda.

A anualidade orzamentada do **PO FSE Galicia 2014-2020** correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia no 2016, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 61.228.214 euros.

O número de centros directivos que xestionarán o FSE 2014-2020 orzamentado para o ano 2016 elévase a 12.

Distribución da Axuda do PO FSE Galicia 2014-2020 por centro xestor e consellerías no orzamento 2016		
Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA	7.030.429
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO	CONSELLERÍA DE FACENDA	540.222
D.X DE PROXECTOS E FONDOS EUROPEOS	CONSELLERÍA DE FACENDA	289.098
S.X. DE EMPREGO	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	17.336.056
D.X. DE EMPREGO E FORMACIÓN	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	3.763.337
SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	1.000.000
D.X. DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	16.967.289
D.X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	1.646.200
D.X. DE INCLUSIÓN SOCIAL	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	7.547.201
D.X. DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	2.451.550
ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	400.847
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	2.255.985
Orzamento		61.228.214

Fonte: elaboración propia

Destaca a Axuda comunitaria que será xestionada pola SX de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria (17,4 millóns de euros), a DX de Centros e Recursos Humanos (17 millóns de euros), a DX de Inclusión Social (7,5 millóns de euros), a SX de Igualdade (7 millóns de euros), a DX de Emprego e Formación (3,8 millóns de euros), e a DX de Maiores e Persoas con Discapacidade (2,5 millóns de euros), que representan respectivamente o 28,3%, 27,7%, 12,3%, 11,5%, 6,1% e 4% do total da Axuda FSE orzamentada.

A anualidade orzamentada do **PO Emprego Xuvenil 2014-2020** correspondente a Comunidade Autónoma de Galicia no 2016, repartida por centros xestores e Consellerías da Xunta ascende, en termos de Axuda comunitaria a 18.205.807 euros. Este PO está cofinanciado polo FSE e pola IEX.

Distribución da Axuda do PO Emprego Xuvenil 2014-2020 por centro xestor e consellerías no orzamento 2016 (euros)		
Centro Xestor	Órgano/Consellería	Euros
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO	CONSELLERÍA DE FACENDA	116.000
D.X DE PROXECTOS E FONDOS EUROPEOS	CONSELLERÍA DE FACENDA	89.808
S.X. DE EMPREGO	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	6.300.000
D.X. DE EMPREGO E FORMACIÓN	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	9.699.999
D.X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	2.000.000
Orzamento		18.205.807

Fonte: elaboración propia

O número de centros que xestionarán o PO Emprego Xuvenil orzamentado para o ano 2016 elévase a 5.

Destaca na Consellería de Economía, Emprego e Industria a Axuda comunitaria que será xestionada pola DX de Emprego e Formación (9,7 millóns de euros) e pola SX de

Emprego (6,3 millóns de euros), que supoñen respectivamente o 53,3% e o 34,6% do total da Axuda. A continuación figura a DX de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social, que con 2 millóns de euros representa o 11% da Axuda anual do Programa.